

DESCUBRE OURENSE

«O RIO MIÑO E AS TERMAS»
CON MARTIÑO



OLA! SON MARTIÑO, O LEÓN DO ESCUDO DE OURENSE. ESTA É A MIÑA AMIGA CALPURNIA, UNHA BONITA PINGA DE AGUA.

Xuntos queremos acompañarte no teu paseo polas beiras do río Miño, observando as árbores, os paxaros e os mananciais de auga quente... trouxeches o bañador?

A nosa aventura comeza ao pé da **Ponte Romana** de Ourense. É moi antiga e foi reconstruída moitas veces ao longo dos séculos. A súa forma cambiou, pero segue a ser un símbolo da cidade. En Ourense as pontes son moi importantes xa que unen as dúas beiras da cidade, pasando por riba do río. Antes de chegar ás primeiras termas terás que pasar por baixo de dúas pontes máis, estás preparado?

Seguindo o noso percorrido deixamos á dereita unha bonita praza co chan de cores para despois chegarmos á zona da **Chavasqueira**. Recoñecerá ao ver unhas curiosas piscinas redondas de pedra ao aire libre: atopamos as primeiras termas! Toca a auga coa man, a que está quente? Trátase de auga termal: brota directamente da terra a unha alta temperatura, algo que a fai moi especial.

Agora vira á dereita e repara na beira do río; que ves? Preto da Chavasqueira hai unha pequena serea que só se pode ver cando o nivel do río está baixo e hai pouca auga. As sereas son uns personaxes de fantasía moi populares, coñeces outras sereas?

Continuando o camiño empedrado chegarás ata unha especie de balcón de madeira sobre o río cunha estraña fonte no medio, a **fonte do Tinteiro**. Move a panca (pide a un adulto que che axude) e... maxia! Empezou a saír auga! Está quente e cheira diferente que da que sae da billa da túa bañeira, por que cres que é?



REPARA NAS DISTANCIAS ENTRE PARADAS, NON TES QUE FACER TODA A RUTA A PÉ, SON MOITOS QUILOMETROS !!

Viches o tren das termas? Podes utilizalo para volver ao centro de Ourense comodamente.

O camiño de terra transformouse nunha pista vermella rodeada de vexetación, onde atoparás unha chea de plantas e árbores diferentes, algunhas típicas das beiras dos ríos, outras non. Repara nos debuxos e mira a ver se atopas algún exemplar. Observa ben as súas follas:



Despois da camiñada toca descansar e xogar un intre nas randeiras, pero lembra que aínda hai moitos recunchos para seguir explorando... Sabías que as illas non existen só no mar? Repara no río e verás que xusto no medio tamén hai algunhas illas. Son un refuxio moi importante para os animais do río: non só paxaros, tamén donicelas, ras... Aquí hai uns paneis onde che explican máis detalles sobre estes habitantes do río Miño.

De novo volvemos atopar termas, esas piscinas de auga quente rodeadas por grandes pedras redondas, esperando a que te bañes nelas. Estas chámanse precisamente **Muriño da Veiga**, porque aquí hai unha acea, atopáchela? Achégate e verás as súas grandes aspas, sabes como funciona?


Pasando as **Termas de Outariz** atoparás un xardin cheo de plantas moi diferentes. Repara ben, moitas están identificadas con carteis onde podemos ver os seus nomes. Proba a cheiralas, hai unha chea de aromas para descubrir antes de continuar o camiño. Recoñeces algunha planta?

Chegaches a **Outariz e Burga de Canedo**, a zona de termas máis grande de Ourense: na beira, xusto debaixo da ponte, hai unha chea de pedras redondiñas... Se te achegas a observalas máis detidamente verás un chorriño de auga... É un manancial de auga termal ao natural, algo difícil de ver!

COLORÉAME

A MAXIA DAS AUGAS TERMAIS

Colorea este pequeno esquema que explica a orixe das augas termais que enchen as termas



NAS TERMAS DE OURENSE LEMBRA...

- Para bañarte tes que ter polo menos 5 anos.
- Acode sempre en compañía dun adulto.
- Toma unha ducha antes de entrar nas termas.
- Entra amodo e aos poucos, a auga está moi quente!
- Os baños deben ser moi curtos. Se tes moita calor, sal e refréscate con auga fría.
- Despois do baño descansa e bebe auga.
- Flotadores, pelotas, manguíños son para as piscinas. Aquí non os precisas.
- As termas son sitios moi tranquilos. Pon o teu gran de area falando baixiño e sen armar balbordo.



Escanea o código para coñecer máis consellos e curiosidades sobre as termas de Ourense.



QUERES SABER MÁIS SOBRE OURENSE?

Pregunta na Oficina Municipal de Turismo
Isabel A Católica, 2 (Xardíns Padre Feijóo)
988 366 064 • turismo@ourense.es

ANÓTAME

Apunta calquer dato que che interese

www.turismodeourense.gal

capitaltermal

capitaltermal



Concello de
OURENSE

ourense
capital termal

QUE PAXARO ?

O río é refuxo de moitas aves; se tes un pouco de paciencia, seguro que ves algunha! Xoga agora a relacionar os diferentes paxaros coa súa silueta e o seu lugar no río.

gaivota corvo mariño pato garza lavandeira

